



## OBRADOIRO GAITA GALEGA

**MESTRE: Jhonathan Ferreira**

### Clase Nº1

Frauta ou punteiro, como usalos.  
Explicación das notas musicais no punteiro

Introdución a linguaxe musical:

Clave de Sol en RE Maior e clave de Sol de DO Maior  
Métodos de aprendizaxe xa publicados con ambas escrituras  
Notación musical en ambas claves

Colocación dos dedos no punteiro:

Aclaración das posicións correspondentes a man dereita:  
Notas musicais dende DO ata SOL

Exercicios prácticos coa man dereita:

Serán 10 exercicios prácticos que despois colgaremos en PDF en formato partitura para que poidan seguilos.

Linguaxe musical:

As figuras e os seus valores:  
Redondas, brancas e negras.  
Repaso dos exercicios anteriores xa con medida por figuras.

Exercicios prácticos:

Saltos de terceiras  
Arpexios  
(Colgaranse en PDF para que poidan descargalos)

Explicación teórica do preludio na gaita e introdución gaiteril dos mesmos.

Melodías:

Introdución ós preludios  
(Colgaranse en PDF para que poidan descargalos)

#### **TIPS CLASE Nº1**

Introdución á Gaita Galega  
A linguaxe musical na Gaita  
Exercicios de aprendizaxe iniciais



## Clase Nº2

Repaso rápido da clase anterior

Linguaxe musical:

Notación musical desde SOL ata RE agudo

Colocación dos dedos no punteiro:

Aclaración das posicións correspondentes a man esquerda:

Notas dende SOL ata RE

Exercicios prácticos coa man esquerda:

Serán 10 exercicios prácticos que despois colgaremos en PDF en formato partitura para que poidan seguilos.

Linguaxe musical:

As figuras e os seus valores:

Corcheas

Semicorcheas

Fusas

Semifusas

Repaso dos exercicios anteriores xa con medida por figuras.

Exercicios prácticos:

Saltos de terceiras

Arpexios

(Colgaranse en PDF para que poidan descargarlos)

Explicación teórica sobre a gaita, partes da gaita, madeiras que se usan, etc...

Exercicios prácticos:

Exercicio coa escala natural completa na gaita

(Colgaranse en PDF para que poidan descargarlos)

Melodías:

A xeito de marcha

### TIPS CLASE Nº 2

Escala natural na Gaita

As figuras musicais

A Gaita galega, a súa fisionomía e variantes

Melodía "A xeito de marcha"

### Clase Nº3

Repaso rápido da escala completa e da melodía “A xeito de marcha”

Linguaxe musical:

- Notación da escala menor
- Signos de alteración no pentagrama
- Tonos e semitonos variables no modo menor e maior

Modo menor:

- Aclaración das posicións correspondentes no modo menor na escala completa.

Exercicios prácticos en modo menor:

- Serán 10 exercicios prácticos que despois colgaremos en PDF en formato partitura para que poidan seguilos.

Linguaxe musical:

- Significado do compás, numerador e denominador.
- Silencios musicais

Exercicios prácticos:

- Saltos de terceiras
- Arpexios
- (Colgaranse en PDF para que poidan descargalos)

Explicación teórica sobre os ritmos galegos de muiñeira, pasarrúas, marcha e danza.

Exercicio práctico:

- Escala cromática completa
- (Colgaranse en PDF para que poidan descargalos)

Melodías:

- Danza das Burgas

#### **TIPS CLASE Nº3**

- As notas alteradas na gaita
- A escala cromática na gaita
- Melodía “Danza das burgas”

## Clase Nº4

Repaso rápido do modo menor, escala cromática e da melodía “Danza das Burgas”

Linguaxe musical:

Forma de repetición das notas na gaita  
Picados e batementos

Exercicios prácticos de picados:

Serán 8 exercicios prácticos que despois colgaremos en PDF en formato partitura para que poidan seguielos.

Exercicios prácticos de batementos:

Serán 8 exercicios prácticos que despois colgaremos en PDF en formato partitura para que poidan seguielos.

Linguaxe musical:

Os picados ornamentais na gaita, formas de uso e resultados

Exercicios prácticos:

Salto de terceiras con picados ornamentais  
(Colgaranse en PDF para que poidan descargalos)

Explicación teórica sobre os ritmos galegos de xota, foliada, mazurca e rumba

Melodías:

Muiñeira de Chao

### **TIPS CLASE Nº4**

Picados e batementos

Os picados ornamentais

Melodía “Muiñeira de Chao”



## Clase Nº5

Repaso da Muiñera de Chao

Repaso dos picados e dos batementos, a súa forma de uso correcto e posibles erros cotiáns nos primeiros exercicios.

Exercicios prácticos de picados e batementos.

Gaita Galega:

Explicación sobre o tempero, forma de úsalo na gaita, o correcto uso do fol, do soprete e aprendizaxe para poder tocar na gaita sen que se corte o aire.

Exercicios prácticos de tempero:

A través do vídeo faremos varios exercicios de tempero que terán que repetir nas súas casas para acadar un fluo de aire na gaita constante.

Exercicios de tempero con notación musical.

Melodías:

Himno do Antergo Reino de Galicia

A saia da Carolina (Tema especial válido para practicar picados e batementos)

### **TIPS CLASE Nº5**

Introdución a experimentar co instrumento

O tempero na Gaita Galega

Exercicios de respiración na Gaita



## **Clase Nº6**

Linguaxe musical:

Subdivisión melódica, compases binarios.

Exercicios prácticos de medida:

Serán 8 exercicios prácticos que despois colgaremos en PDF en formato partitura para que poidan seguilos.

Os picados dobres:

Execución e escritura.

Gaita galega:

Tempero, notas e afinación das mesmas.

Diferentes sistemas de afinación e os seus autores.

Melodías:

Pasodoble “Cabezudos”

O golpe de Mondariz

### **TIPS CLASE Nº6**

A subdivisión nos compases binarios

Os picados dobres

Iniciación á afinación na Gaita Galega



## Clase Nº7

Linguaxe musical:

Subdivisión melódica, compases compostos (muiñeiras).

Exercicios prácticos de compases compostos:

Serán 4 exercicios prácticos que despois colgaremos en PDF en formato partitura para que poidan seguilos.

Os picados dobres con batemento:

Execución e escritura.

Gaita galega:

Afinación do ronco, da ronqueta e do chíón.

Melodías:

Pasodoble “Cabezudos”

O golpe de Mondariz

### TIPS CLASE Nº7

Os compases compostos (A Muiñeira)

Picados con batemento

A afinación nos bordóns (Ronco, ronqueta e chíón)



## **Clase Nº8**

Linguaxe musical:

Subdivisión melódica, compases terciarios (Xotas, foliadas, mazurcas, fandangos)

Exercicios prácticos de compases terciarios:

Serán 4 exercicios prácticos que despois colgaremos en PDF en formato partitura para que poidan seguilos.

Linguaxe musical:

Notas fantasma, usos e posicións das mesmas.

Gaita galega:

Afinación das notas menores en col do son do ronco

Melodías:

Foliada popular

Polca de Morvan

### **TIPS CLASE Nº8**

Os compases terciarios (Xotas, foliadas...)

As notas fantasma (notas pouco usadas)

Estudios da Foliada popular e dunha Polca





## **Clase Nº9**

A afinación xeral na gaita:

Vamos a afinar unha gaita sen afinador, unicamente usando o noso oído, e despois farémolo cun afinador, usando as bases estándar da afinación.

Exercicios prácticos:

O vibrato, aplicación, utilización e exercicios para acadar un vibrato con bo son e unha bonita execución.

Linguaxe musical:

Os picados combinados, para non repetir a sucesión de picados no mesmo dedo.

Exercicios de picados combinados:

Faremos 2 exercicios de picados combinados, máis, dúas melodías de picados combinados na sección de melodías.

Gaita galega:

Bo uso, tips para un bo estado, mantemento, pros e contras das temperaturas ambientáis, trucos de conservación.

Palletas e pallóns, como facelos, como traballar con eles, trucos e consellos para facer un bo uso dos accesorios da gaita.

Melodías:

Anterga Alborada de Ourense

Marcha procesional da Catedral de Tuy

Muiñeira de Lugo

Muiñeira de Molete

### **TIPS CLASE Nº9**

Afinación da gaita completa

Os picados combinados

Mantemento da Gaita Galega, trucos e consellos.



## **Clase Nº10**

Melodías:

- Himno Galego
- Xota da Guía
- Muiñeira de Chantada
- Vals de Escornabois
- Alborada Galega
- Muiñeira da Ponte de Sampaio

### **TIPS CLASE Nº10**

Melodías galegas, cales son as máis importantes, e, estudo das mesmas.